

## QUEN FAI AS INSPECCIÓNNS?

As inspeccións serán realizadas polas Estacións de Inspección Técnica de Aplicación de Produtos Fitosanitarios (ITEAF) autorizadas pola Consellería de Medio Rural e publicadas na súa páxina web. O interesado poderá contactar con calquera delas e solicitar cita previa para realizar a inspección da súa máquina, que estará dada de alta previamente no ROMA. A ligazón é a seguinte:

[http://www.medioruralemara.xunta.es/areas/agricultura/maquinaria\\_agricola/inspecciones\\_de\\_equipos\\_de\\_aplicacion\\_de\\_productos\\_fitosanitarios](http://www.medioruralemara.xunta.es/areas/agricultura/maquinaria_agricola/inspecciones_de_equipos_de_aplicacion_de_productos_fitosanitarios)

O titular ou usuario recibirá o certificado ou boletín co resultado da inspección, e este será:

- **Favorable**, sen defecto grave.
- **Desfavorable**, con defecto grave.

Non se poderá utilizar o equipo ata a reparación dos elementos defectuosos.

As inspeccións faranse de acordo co Manual de inspeccións publicado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente(MAGRAMA). Esta información pódese consultar en:

[www.magrama.gob.es/es/agricultura/temas/medios-de-produccion/maquinaria-agricola/inspecciones-equipos-aplicacion-productos-fitosanitarios/](http://www.magrama.gob.es/es/agricultura/temas/medios-de-produccion/maquinaria-agricola/inspecciones-equipos-aplicacion-productos-fitosanitarios/)

[www.magrama.gob.es/es/ministerio/servicios/publicaciones/Manual\\_de\\_inspeccion\\_de\\_equipos\\_de\\_aplicacion\\_fitosanitarios\\_en\\_uso\\_tcm7-260807.pdf](http://www.magrama.gob.es/es/ministerio/servicios/publicaciones/Manual_de_inspeccion_de_equipos_de_aplicacion_fitosanitarios_en_uso_tcm7-260807.pdf)



galicia

### TAMÉN PODE INFORMARSE EN

|   |   |   |
|---|---|---|
| SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DA CORUÑA                       | Rúa Vicente Ferrer, 2<br>15008 - A Coruña                                 | Tel: 981 182 579<br>981 184 553<br>Fax: 981 184 474 |
| SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE LUGO                         | Ronda Muralla, 70<br>27071- Lugo  | Tel: 982 294 459<br>982 889 247<br>Fax: 982 294 808 |
| SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE OURENSE                      | Rúa Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo<br>32003 - Ourense                 | Tel: 988 386 687<br>988 386 693<br>Fax: 988 386 482 |
| SERVIZO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE PONTEVEDRA                   | Rúa Fernandez Ladreda<br>36003 - Pontevedra                               | Tel: 886 206 547<br>986 806 554<br>Fax: 986 805 406 |
| SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA | Rúa dos Irmandiños s/n.<br>Salgueiriños<br>15701 - Santiago de Compostela | Tel. 881 997 443<br>881 997 441<br>Fax. 881 997 442 |

Ou tamén na Oficina Agraria Comarcal máis próxima.

¡ESTAS INSPECCIÓNNS SON DE OBRIGADO CUMPRIMENTO, NON ESPERE ATA O ÚLTIMO DIA!



XUNTA  
DE GALICIA



# INSPECCIÓNNS

de equipos de aplicación  
de produtos  
fitosanitarios

XUNTA DE GALICIA

# INSPECCIÓN DE EQUIPOS DE APLICACIÓN DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS

A Directiva 2009/128/CE, sobre o uso sostible dos plaguicidas, establece a obrigatoriedade das inspeccións periódicas aos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios. O Real decreto 1702/2011, sobre inspeccións periódicas dos equipos de apli-

cación de produtos fitosanitarios e o Decreto galego 69/2014, do 15 de maio, establece que os ditos equipos serán inspeccionados de acordo cun programa de inspeccións elaborado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.



## QUÉ EQUIPOS DEBEN PASAR A INSPECCIÓN?

### 1 Equipos móviles de aplicación de produtos fitosanitarios de uso agrario e non agrario:

- Pulverizadores hidráulicos (de barras ou de pistolas)
- Pulverizadores hidroneumáticos (atomizadores)
- Pulverizadores neumáticos (nebulizadores)
- Pulverizadores centrífugos
- Espolvoreadores

### 2 Equipos de aplicación montados a bordo de aeronaves.

### 3 Equipos instalados no interior de invernadoiros e outros locais pechados.

### 4 Pulverizadores de arrastre manual (carretillas) con depósito maior de 100 litros. Quedan excluídos os pulverizadores de mochila.



Os equipos a inspeccionar deberán estar previamente inscritos no ROMA para poderlle facerlle a inspección.

## CALES SON AS PRIORIDADES PARA REALIZAR AS INSPECCIÓN?

Para realizar as inspeccións na Comunidade Autónoma de Galicia se terán en conta as seguintes prioridades :

### 1 Respecto á titularidade de equipos:

- Empresas de servizos agrarios, Asociación de Defensa Fitosanitaria (ADF), Agrupación de Defensa Sanitaria (ADS) ou outras asociacións similares.
- Cooperativas agrarias e outras agrupacións de agricultores, así como as comunidades de bens que agrupen a dez produtores.

### 2 Respecto ás características propias dos equipos:

- Equipos automotrices, equipos arrastrados de maior capacidade de traballo e equipos de maior antigüidade.

## CAL É A PERIODICIDADE DAS INSPECCIÓNS?

▶ Todos os equipos deberán ser inspeccionados antes do 26 de novembro de 2016.

▶ Se son equipos novos, deberán ser inspeccionados unha vez dentro dos cinco primeiros anos tras a súa compra.

▶ As inspeccións posteriores unha vez feita a primeira, serán cada cinco anos, agás para os titulares enumerados no apartado 1 anterior, que será cada tres anos.

▶ A partir do ano 2020, todos os equipos deberán ser inspeccionados cada tres anos.

## QUÉ ELEMENTOS DOS EQUIPOS SE INSPECCIONAN?

- ▶ Elementos de transmisión da potencia
- ▶ Bomba
- ▶ Axitación
- ▶ Tanque de líquido para pulverización
- ▶ Sistemas de medida e de regulación e control
- ▶ Tubos e manguerías
- ▶ Filtrado
- ▶ Barra de pulverización
- ▶ Boquillas
- ▶ Distribución
- ▶ Sistemas neumáticos
- ▶ Manómetro
- ▶ Regulación da presión
- ▶ Caudal das boquillas



## ANTES DE LEVAR O EQUIPO Á INSPECCIÓN, O TITULAR OU RESPONSABLE DEBERÁ DE COMPROBAR O SEGUINTE:

- 1 Limpar o equipo a inspeccionar por fóra e por dentro para eliminar os residuos do produto, especialmente as partes que están en contacto directo cos produtos fitosanitarios. Recoméndase desmontar unha a unha todas as boquillas e todas as mallas dos filtros.
- 2 Comprobar que as boquillas non se atopan obstruídas nin desgastadas e o correcto estado das mallas dos filtros.
- 3 Non se admitirán máquinas de tratamentos que presenten fugas nos seus circuitos hidráulicos.
- 4 As tomas de forza e seu eixe estarán debidamente protexidos, así como o resto de elementos móbiles do equipo.
- 5 O operador habitual da máquina de tratamento estará presente na inspección.
- 6 É necesario que o manómetro da máquina de tratamentos presente as divisións adecuadas tanto para cultivos baixos como para cultivos altos.
- 7 Deberase levar o depósito da máquina de tratamentos cheo de auga en 3/4 partes da súa capacidade nominal.
- 8 A máquina de tratamentos estará accionada preferiblemente polo tractor co que traballa habitualmente.
- 9 Os defectos detectados serán reparados previamente antes de levar a máquina á inspección.